

**M. AMBIENTE**

Medran os itinerarios sostibles grazas ao plan de sendas **Páx. 7**

**MAR**

Aprobado o dragado do Porto tras anos de reclamacións **Páx. 11**

**SERVIZOS SOCIAIS**

Éxito de afluencia no regreso do Xantar de maiores **Páx. 12-13**

**ENTREVISTA**

Chicho Aboy, presidente da AECC **Páx. 23**

# Acordado o desenvolvemento verde para Monte Piñeiro

O Concello e as promotoras inmobiliarias propietarias da maioría do terreo en Monte Piñeiro chegaron a un acordo que permitirá a

futura urbanización da zona, logrando un equilibrio entre o crecemento urbano e a calidade de vida. A negociación, iniciada no 2019 coa chegada

de Faraldo á alcaldía, resultou nunha redución da edificabilidade prevista no proxecto de 2006, ao tempo que se incrementa o solo libre, que

ocupará o 70 % da superficie do ámbito. A tipoloxía das edificacións contempla 5 tipos de bloques e 36 vivendas unifamiliares. **Páx. 3**



## Máximo histórico nos datos de poboación: 7.108 residentes

As últimas cifras do padrón, a xaneiro de 2025, constatan que Miño encadea o seu noveno ano consecutivo medrando en poboación, chegando agora aos 7.108 residentes, a cifra máis alta da historia. **Páx. 5**

## Recuperada a bandeira azul para a Praia Grande

A bandeira azul volverá a ondear este verán na Praia Grande. Deixou de facelo no ano 2016 e agora, grazas ao traballo, o compromiso institucional e a colaboración entre administracións, volve a conseguir este distintivo de calidade. **Páx. 10**

# Hacienda apoia ao Concello para afrontar as novas sentenzas de Costa Miño

**O Ministerio aprobou un novo préstamo de 1 millón de euros para financiar os pagos derivados do proceso de expropiacións**

O Ministerio de Hacienda continúa ao carón do Concello de Miño para afrontar os custos orixinados polo proceso de expropiacións da urbanización Costa Miño, tramitado a comezos do ano 2002 pola administración local en beneficio da entidade Fadesa Inmobiliaria.

A última mostra deste apoio deuse coa formalización dun préstamo de 973.689,84 euros para financiar o pago das novas sentenzas, ditadas polo xulgado do Contencioso-Administrativo o pasado mes de setembro, nas que se obrigou a pagar ao Concello o prezo xusto expropiatorio a diversas persoas expropiadas, unha cantidade que ascende a 552.895,08 euros aos que hai que sumar 420.794,76 euros dos xuros xerados.

Manuel Vázquez Faraldo e a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, ofreceron unha conferencia de prensa para explicar os detalles deste novo préstamo. No acto, Faraldo agradeceu á subdelegada en particular e ao Ministerio de Hacienda "que nos ofrecen de novo unha saída a esta situación, dándonos a alternativa de financiamento con este tipo de préstamo, que fai que non teñamos que ir a unha entidade financeira na que obviamente teríamos condicións menos favorables para os intereses do Concello, xa que as arcas municipais non poderían asumir directamente o pago".

**É o cuarto préstamo que Hacienda concede a Miño e ascende a 21,5 millóns de euros o importe total**

Este é o cuarto préstamo que Hacienda concede a Miño. En total, o importe concedido ascende a 21,5 millóns de euros, que o Concello pode liquidar ata o 2050 tras unha



A subdelegada do Goberno acudiu a Miño para formalizar o préstamo

renegociación da débeda levada a cabo polo goberno local.

## Máis sentenzas pendentes

A colaboración entre o Goberno e o Concello non quedará aquí xa que, tal e como explicou o alcalde, "nos próximos meses chegarán outras sentenzas sobre unha quincena de terreos que suporán un importe similar, algo que probablemente nos obligue a volver a recorrer a esta vía de financiamento

para non poñer en risco as arcas municipais e poder seguir cumprindo coas nosas obrigas legais sen comprometer investimentos no municipio".

María Rivas valorou as características deste tipo de préstamos, poñendo o caso específico do de Miño como "un exemplo do compromiso que ten o Goberno de España cos concellos, en especial con aqueles que, por determinados motivos, teñen máis dificultades".



Manuel Vázquez Faraldo e María Rivas ofreceron unha conferencia de prensa para explicar os detalles do acordo



# Concello e promotoras alcanzan un acordo para o desenvolvemento de Monte Piñeiro

Logrouse reducir a edificabilidade para crear unha gran zona verde pública para uso de toda a cidadanía de Miño

**M**onte Piñeiro será o gran pulmón verde de Miño. O Concello e as promotoras inmobiliarias propietarias da maioría do terreo alcanzaron por fin un acordo que permitirá a urbanización da zona, duns 151.000 metros cadrados, e redefinir o desenvolvemento dun ámbito urbanístico chave, logrando un equilibrio entre o crecemento urbano e a calidade de vida. Ademais, isto pon fin a un conflito xurídico entre empresas e o Concello que leva vixente desde a paralización do desenvolvemento da urbanización.

A negociación, iniciada no 2019 coa chegada de Manuel Vázquez Faraldo á alcaldía, resultou nunha redución da edificabilidade prevista no proxecto adxudicado no 2006, ao tempo que se incrementan as superficies destinadas a zonas verdes de equipamento público e se inclúen vivendas sociais conforme á normativa actual. A ocupación do terreo por edificación será dun 14 %, que sumado ao 16 % de ocupación por vías, deixa 105.702 metros cadrados de espazo libre (o 70 % do ámbito). Esta relación de espazos libres e construídos da idea do esponxamento do proxecto, moi afastado do plasmado no 2006.

Por outro lado, as vías de acceso varían para integralas na malla urbana da vila, con acceso desde as rúas Marismas e Travesía da Praia, creando tamén unha

nova vía de enlace coa AP9 e o futuro enlace coa N-651. Esta nova alternativa contribuirá a desconxestionar o tráfico durante todo o ano pero, sobre todo, durante a temporada estival na que a po-boación chega a triplicarse.

**Na nova proposta incrementáronse as zonas libres, chegando agora a ocupar o 70 % do ámbito**

A tipoloxía das edificacións contempla ata cinco tipos de bloques e 36 vivendas unifamiliares con xardín.

Este axuste responde á vontade de todas as partes de garantir un desenvolvemento máis sostible e adaptado ás necesidades da cidadanía. Con máis espazos verdes e dotacións públicas mellóranse as condicións

ambientais e refórzanse as infraestruturas para a veciñanza.

## Receptividade das empresas

Manuel Vázquez Faraldo destaca a receptividade das empresas para conseguir un acordo que supón un avance na planificación urbana, priorizando o interese xeral. A reconfiguración do ámbito permitirá un modelo de vila máis accesible, saudable e respectuosa coa contorna. "Tamén dá resposta á elevada demanda de vivenda en Miño. Os terreos que agora son maleza pasarán a ser unha zona residencial con amplas zonas verdes. As novas vías serán un paso máis para que Miño teña un tecido urbano articulado

con rúas e non ao redor de estradas, como ata agora".

## Proceso longo

Aínda queda un longo camiño por percorrer: primeiro terá que rexistrarse o novo Plan Parcial no Concello para poder solicitar os informes pertinentes e envialos á Xunta coa proposta. Logo, se a administración autonómica emite un informe ambiental positivo, o Concello poderá facer a proposta de aprobación definitiva para a modificación puntual do Plan Parcial. Por último, abriase un prazo de consulta e exposición pública e, cando remate, someterase todo á aprobación do pleno.



Plano de ocupación do terreo


# O orzamento municipal chega a 10,5 millóns de euros, a cifra máis alta da historia de Miño

Contempla o reforzo das políticas sociais e o investimento en infraestruturas e espazos públicos

O pleno do Concello de Miño aprobou o Orzamento municipal para o ano 2025, un documento que ascende a 10.539.559 euros, consolidando a tendencia de crecemento marcada nos últimos anos a través da xestión da tesourería por parte do goberno local. Esta cifra supón un aumento significativo de case o 30 % con respecto aos 8,2 millóns de euros do exercicio 2024 e sitúase como o maior orzamento da historia do municipio.

A evolución das contas municipais é notable na última década. No ano 2014 o orzamento de Miño era de pouco máis de 5 millóns de euros, cifra que se mantivo sen cambios ata o 2016. A partir de 2017, cunha subida ata os 6,2 millóns de euros, o Concello iniciou unha senda de crecemento que o

## EVOLUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL



levou a superar a barreira dos 10 millóns de euros no ano 2022. O exercicio de 2025 non só recupera esta cifra, tras a lixeira redución de 2024, senón que a supera, consolidando unha estrutura financeira que permitirá afrontar os retos do municipio.

O aumento de 2,3 millóns de euros vén dado por varios motivos: o novo préstamo con Facenda supón 1 millón de

euros; o aumento de ingresos por impostos e taxas debido ao crecemento da actividade económica supón 0,5 millóns; o aumento das subvencións chega a outros 0,5 millóns e o das transferencias correntes suma 0,3 millóns.

### Investimentos reais

Entre as principais liñas de actuación atópase o reforzo das políticas sociais e a mellora das

infraestruturas e dos espazos públicos. O capítulo de investimentos ascende a 843.000 euros. Destínase unha importante partida á mellora da rede viaria municipal, ao acondicionamento da praza da Fonte, a renovación do parque infantil de Bemantes, a mellora na praia da Ribeira ou a transformación da escola unitaria de Xarío nunha escola infantil.

## O Plan Único 2025 da Deputación inclúe un proxecto de pavimentación e separación de pluviais na rúa da Igrexa



Estado actual da rúa da Igrexa

A proposta do goberno local para incluír no Plan Único 2025 da Deputación da Coruña tamén foi aprobada polo pleno. Neste caso a administración provincial asignou 602.249 euros ao Concello, que se dedicarán a investimentos e a sufragar gasto corrente.

Por unha banda, utilizaranse 523.000 euros para financiar gasto corrente. Pola outra, incluíuse un proxecto valorado en 79.300 euros para a pavimentación e separación de pluviais na rúa da Igrexa.



# Miño sitúase como o concello que máis poboación gaña na provincia

**Despois de 9 anos incrementando residentes, supérase a barreira histórica dos 7.000 habitantes**

**N**ove anos consecutivos medrando en poboación. Esta é a mellor proba da puxanza que ten, a día de hoxe, Miño como municipio para asentarse e facer vida, rompendo así a antiga imaxe de só vila turística destinada a segundas residencias.

O Padrón provincial sitúa, a 1 de xaneiro de 2025, en 7.108 o número de residentes. Trátase da cifra máis alta da serie histórica, marcando un novo fito no municipio, que non deixa de atraer persoas doutros puntos. E non só se trata de que Miño gañe poboación, senón de que o fai pisando o acelerador ao ritmo máis elevado

da provincia. No último lustro o crecemento do censo ascende ata o 13 %. Ningún outro concello coruñés se achega a un crecemento do 10 %, porcentaxe que Miño supera amplamente.

## Unha poboación con futuro


Hai outro dato que chama a atención nas estatísticas: un de cada tres residentes é menor de 41 anos e só un de cada catro ten máis de 65 anos. Ao contrario do que ocorre en moitos outros municipios galegos, apenas hai 500 persoas maiores de 65 anos máis que as menores de 18 anos, polo que o problema do envellecemento non é unha cuestión apremiante.

Isto pode comprobarse no día a día, atendendo á demanda de prazas escolares (o alumnado do CPI Castro Baxoi supera xa os 600 nenos e nenas) ou ao organizar

## EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN EN MIÑO NO ÚLTIMO LUSTRO



### Habitantes



### Ano

eventos para estas franxas de idade, tales como campamentos, actos deportivos, festas infantís...

## O potencial da vila

O crecemento poboacional de Miño débese principalmente ao seu atractivo para outras persoas da comarca. A maioría dos novos residentes chegan desde outros municipios próximos, atraídos pola calidade de vida e dos servizos públicos que se ofrecen. Ademais, a nivel inmobiliario o concello goza dunha

moi boa saúde, con varios proxectos en marcha para seguir construíndo vivendas. Outro factor que debemos destacar son os atractivos naturais e o excelente emprazamento que se ofrece, combinando recursos como rutas de sendeirismo ou praias coa proximidade a cidades e vilas importantes, contando ademais cunha moi boa rede de comunicacións a través da autoestrada coas cidades da Coruña, Ferrol e Santiago, alternativa que se abaratóu coas bonificacións das peaxes.

## O convenio coa SAREB para alugueiro social, ata 2026

No ano 2021 Miño foi pioneiro en Galicia ao poñer no mercado do alugueiro social moitas das vivendas do municipio que estaban baleiras, en mans da SAREB pola heranza do estoupido da burbulla inmobiliaria, e agora continúa a apostar por esta iniciativa. O Concello renovou ata o ano 2026 o convenio con esta entidade que permite que continúe vixente esta acción que resultou ser un éxito.

As 12 vivendas que se habilitaron a través deste acordo, e que foron amobladas

polo Concello en función das necesidades de cada unidade familiar, están ocupadas. A intención do goberno local é dar un paso máis e chegar a novos acordos para conseguir a cesión doutras vivendas embargadas e poder dar así unha maior oferta. Para acceder a estas vivendas hai que solicitalo a través do Rexistro Municipal, cumprir cos requisitos que contempla a ordenanza municipal e agardar a que quede algunha vivenda baleira ou que se consigan habilitar outras a maiores.



Unha das vivendas de alugueiro social

# Medio millón de euros da Deputación para a mellora do firme entre a Praia Grande e Perbes

O obxectivo é que a estrada DP-4803 estea nunhas condicións óptimas de circulación

A Deputación da Coruña adxudicou, a mediados de maio, por 540.879 euros as obras de renovación do firme dos primeiros catro quilómetros da estrada provincial DP-4803, o acceso principal á Praia Grande de Miño.

Así o anunciou no seu momento o presidente da institución provincial, Valentín González Formoso, que visitou a zona acompañado de Manuel Vázquez Faraldo, para anunciar o inicio duns

traballos "destinados a mellorar as condicións de circulación nunha estrada moi transitada, especialmente durante a época estival, cando Miño recibe milleiros de visitantes e que actualmente conta cun firme que presenta múltiples desperfectos debido ao paso do tempo e os efectos da climatoloxía".

Formoso explicou que o investimento "vai supor unha notable mellora da seguridade e comodidade da circulación", acometerase con cargo ao Plan de Conservación de Estradas da Deputación e inclúe actuacións previas de saneado e reparación puntual de determinadas zonas nunha superficie aproximada de 7.000 metros cadrados e



Visita do presidente da Deputación

a posterior dotación dunha nova capa de rodaxe de mestura asfáltica en quente de 5 cm de espesor ao longo de toda a superficie de 34.665 metros cadrados que vai dende o punto quilométrico 0+000, no inicio da Praia Grande, ata o 4+000, pasado xa o núcleo de Perbes.

"O novo firme vai permitir unha circulación máis cómoda, máis segura e tamén

máis eficiente", afirmou Faraldo, que sinalou que "a Deputación, unha vez máis, cumpre coas demandas de Miño".

"Quero destacar tamén que esta actuación non é un feito illado. Forma parte dun conxunto de investimentos que a Deputación está a facer en Miño, e que demostran unha gran sensibilidade co noso concello", afirmou.

## En marcha a mellora da rede de augas

O Concello xa iniciou os trámites para conceder por un período de 25 anos a xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento, logo de realizar un estudo de viabilidade económico-financeira que permitiu determinar a rendibilidade do contrato.

O informe estimou en máis de 1,15 millóns de euros o custo das melloras necesarias na rede, investimentos que serán asumidos pola empresa adxudicataria. Entre as actuacións previstas destacan a substitución de 2.952 metros de conducións, moitas delas de fibrocemento, así como a renovación das tubaxes de saída dos depósitos principais e varios colectores da rede municipal.

## Novos peches para os parques de Telle e Aveás



Novo valado no parque dos Aveás



Actuación en Telle

O Concello levou a cabo a renovación dos peches perimetrais nos parques infantís de Telle e Aveás, substituíndo as antigas estruturas de madeira por novos valados elaborados con polímero reciclado de orixe 100 % procedente de residuos plásticos. Este material destaca pola súa resistencia, durabilidade e seguridade.

Esta intervención forma parte dun proxecto máis amplo de mellora de cinco parques infantís do municipio, que ten como obxectivo modernizar as instalacións e incrementar a súa seguridade e sostibilidade. A actuación segue a mesma liña da realizada anteriormente no parque do Porto, onde xa se implantara este tipo de valado.



# As sendas seguen a ser unha das grandes apostas do Concello

**O goberno local traballa na creación e mellora de diversos itinerarios peonís no municipio**

**M**iño continúa dando pasos decididos na recuperación e posta en valor do seu patrimonio natural coa posta en marcha de varios proxectos centrados na creación de itinerarios ecolóxicos, accesibles e respectuosos co medio ambiente. En colaboración coa Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, e con financiamento de fondos europeos Next Generation, o Concello participa activamente na creación da primeira senda ecoturística da Reserva, recuperando un antigo sendeiro costeiro entre Ponte do Porco e a Senda dos Sentidos. Esta intervención permitirá rehabilitar un tramo de 280 metros á beira da praia da Alameda, ata o de agora inaccesible e degradado, co obxectivo de convertelo nun espazo de uso veciñal, turístico e ambientalmente sostible. O proxecto inclúe accións de recuperación da vexetación autóctona, eliminación de especies invasoras, instalación dunha pasarela de madeira e sinalización ecolóxica, seguindo criterios de integración paisaxística e baixísimo impacto.

En paralelo, a Demarcación de Costas promove outra actuación de maior escala nas marismas do río Baxoi, consistente na creación dunha senda peonil e ciclista de máis dun quilómetro entre a Ponte do Puzo e a Praia Grande, cun miradoiro final con vistas á enseada de Bañobre. Este itinerario discurrirá maioritariamente polo borde costeiro

e contará con tramos de pasarela elevada para superar zonas húmidas. A proposta supón unha aposta pola mobilidade sostible e pola conexión de espazos naturais de gran valor ambiental. A esta liña de traballo súmase tamén a futura pasarela paralela á vía do tren que unirá Bañobre e Telle, mellorando a conexión co núcleo urbano a través dun

trazado de 320 metros executado con materiais reciclados.

Estas actuacións forman parte da visión estratéxica "En Camiño", na que o lema, como di o alcalde, é un triple obxectivo: "respectar a natureza, aproveitar a paisaxe e conectar núcleos", facendo dos itinerarios un atractivo turístico responsable e sostible.



Senda ecoturística da Reserva



Proxección da senda entre a Ponte do Puzo e a Praia Grande



As novas varandas están feitas de ferro galvanizado

## Novas varandas para as rúas Hermo e Raxel

O Concello acometeu a substitución das varandas das rúas Hermo e Raxel, que presentaban un estado de deterioro que comprometía

a seguridade das persoas. Instaláronse novos elementos de ferro galvanizado en quente, máis resistente e duradeiro que as preexistentes.



# Espazos renovados na praia da Ribeira

**Unha recente obra eliminou especies invasoras e incluíu elementos máis integrados coa zona**

O Concello levou a cabo unha intervención de recuperación ambiental na contorna da praia da Ribeira. A actuación contou cun orzamento de 30.000 euros financiado pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e tivo como obxectivo a posta en valor dun ecosistema costeiro de alto valor ecolóxico e turístico.

Os traballos realizados incluíron a eliminación de especies exóticas invasoras e a súa substitución por

vexetación autóctona, máis acorde co hábitat natural da zona. Ademais, construíuse un muro de mampostería seca e instaláronse elementos disuasorios de madeira para protexer as áreas máis sensibles, así como sinalización informativa para sensibilizar a cidadanía sobre a importancia da conservación ambiental. Esta actuación enmárcase dentro da estratexia do Concello para favorecer un uso sustentable dos espazos naturais e garantir a súa preservación.

Ademais, para contribuír á mellora da imaxe da praia, fíxose un graffiti no muro da EDAR, obra de Marcos Lamas, 'Silcone', e Blanca González, 'Wala'.



Resultado das obras acometidas.



Mural

## Renovación parcial do parque infantil do CPI Castro Baxoi



Elementos substituídos

O Concello completou no mes de febreiro a renovación do parque infantil do patio do CPI Castro Baxoi. Esta actuación respondeu ás demandas da comunidade escolar e garante un espazo máis seguro e adecuado para que os nenos e nenas do centro poidan desfrutar durante os recreos e outros momentos de lecer.

## Os servizos de emerxencias xa poden chegar á Barbeita


O Concello finalizou as obras de acondicionamento e ampliación do camiño da Barbeita, en Callobre, unha vía que se atopaba totalmente intransitable pola presenza de maleza e desprendementos. A intervención permitiu ampliar a plataforma ata os 8 metros de ancho transformando un trazado de case 345 metros

de longo grazas á colaboración veciñal, que cedeu máis de 2.100 metros cadrados de terreo. Os traballos incluíron a creación dunha plataforma horizontal, mellora dos accesos ás parcelas, canalización de augas pluviais e pavimentación con saburra compactada. A partir de agora, o camiño garante o paso de vehículos de emerxencia.



Nova vía

## O Concello facilita o acceso a vivendas e fincas arranxando a vía en Visouteiro



Amaño do firme

No pasado mes de febreiro, o Concello investiu preto de 50.000 euros nunha vía en Visouteiro, na parroquia de Leiro. Esta intervención tiña como obxectivo prioritario facilitar o acceso directo a vivendas e fincas agrícolas e forestais da zona. O proxecto foi financiado maioritariamente pola AGADER.



# Turismo Encamiño: do Ortegale a Portugal

**O Concello promoveu viaxes a Valença, Fisterra, o Ortegal e as Médulas de León para as persoas maiores de 55 anos**

A veciñanza maior de 55 anos da localidade tivo ocasión de participar en ata catro viaxes nos últimos meses, nas que puido descubrir os tesouros do Ortegal, como o seu imponente faro ou os municipios de Ortigueira e Cedeira.

Tamén se desprazaron ata a Costa da Morte, nunha excursión a Fisterra que incluíu paradas na fervenza do Ézaro e nos hórreos de Carnota e Lira. Máis alá dos límites autonómicos, tamén se realizou unha viaxe ás Médulas de León e ao fermoso municipio de Villafranca del Bierzo. As delegacións locais tamén incursionaron no norte lusitano cunha visita dobre ás localidades de Caminha e Valença do Minho, onde gozaron, ás beiras do río Miño do seu encanto.



Viaxe a Valença do Minho



Visita ás Médulas, en León




A expedición miñense no faro do Cabo Ortegal, en Cariño

## En marcha a recuperación do castro de Centroña-Sambollo

O Concello de Miño e o Concello de Pontedeume avanza na súa colaboración para promover a recuperación do castro de Centroña-Sambollo, un xacemento arqueolóxico de gran valor situado no linde entre ambos os municipios. A través dunha solicitude conxunta ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), aspiran a obter financiamento no marco das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP).

O obxectivo é conservar e difundir este enclave histórico, potenciando o seu valor cultural e turístico. A iniciativa busca garantir a protección do patrimonio e favorecer o seu coñecemento por parte da veciñanza e tamén dos visitantes, reforzando a identidade da comarca a través dunha actuación que permitiría tamén dinamizar a zona e impulsar un turismo sostible vinculado á historia e á posta en valor deste espazo que supón unha xoia arqueolóxica.



Mapa do Castro de Centroña

# A bandeira azul volverá a ondear este verán na Praia Grande

Os areais da Ribeira e Perbes-Andahío revalidan o distintivo e a Senda das Marismas do Baxoi debuta como Sendeiro Azul

**M**iño consolida o seu compromiso co medio ambiente e a calidade dos seus espazos naturais. A praia Grande volverá ondear a Bandeira Azul oito anos despois, mentres que Perbes-Andahío e A Ribeira manteñen o distintivo un ano máis. No apartado de sendeiros, o concello incorpora a Senda das Marismas do Baxoi como novo Sendeiro Azul en 2025. Xunto a ela, tamén foron distinguidas a Senda dos Sentidos e a Senda da Fraga do Xarío, espazos naturais recuperados e postos en valor para a educación e sensibilización ambiental.



Acto de recollida das bandeiras



Praia de Andahío, en Perbes

**Miño oferta postos nas praias e reforza o persoal de verán**

O Concello sacou a concurso cinco postos de tempada en dous dos seus areais. Concretamente, trátase dun quiosco na praia da Ribeira e doutro quiosco, un posto de comida, un posto de hamacas e a escola de surf na Praia Grande. Os ditos contratos teñen unha duración de 3 anos, agás o da escola de surf, o cal, debido ás súas características específicas, prorroarase tan só durante un ano. O goberno local tamén ultima a tempada de verán nos areais coa contratación de ata catorce socorristas que prestarán servizo nas praias do municipio ata o 14 de setembro, así como dúas persoas para o servizo de limpeza de baños nas praias, con contrato ata o 15 de setembro.

## A oficina de turismo municipal recibiu un recoñecemento á excelencia coa obtención do Certificado de Calidade



Entrega do distintivo

A oficina de información turística foi recoñecida co certificado de Calidade Turística. O concelleiro de Turismo,

José Manuel Pantín, e a responsable da oficina recolleron o distintivo da man de Sergio Platas, vicepresidente

da Reserva da Biosfera. A través desta condecoración o Concello suma un paso máis na súa decidida aposta por


ofrecer as mellores prestacións en materia de turismo, tanto para a veciñanza como para as persoas visitantes.



# Primeiro avance para o porto de Miño: a Xunta dá luz verde ao dragado tras anos de demandas

**O Concello alerta de que isto só é un parche e reclama unha intervención moito máis ampla no porto**

Logo de anos de solicitudes por parte do goberno local, a Xunta de Galicia anunciou no pasado mes de marzo a luz verde para o proxecto de dragado no porto de Miño, unha demanda histórica do Concello e dos usuarios, que levan máis dunha década reclamando actuacións para mellorar as condicións de uso da dársena, especialmente nas mareas baixas, cando queda completamente seca. O plan contempla a retirada de 15.112 metros cúbicos de sedimentos para alcanzar unha cota de -1 metros nunha superficie de 7.887 metros cadrados. Malia a esta nova, desde o



Porto de Miño

Concello advírtese que o dragado é só un parche temporal e insiste na necesidade dunha reforma estrutural máis ambiciosa que evite a futura acumulación de sedimentos. Ademais, na reunión mantida a finais de 2023 con

Portos de Galicia trasladouse a urxencia de acondicionar un paso peonil fronte ao Club Náutico, moi utilizado por deportistas e usuarios e actualmente en mal estado. Ademais, alertouse sobre a aparición de fendas nun

tramo do espigón e o deterioro avanzado do guindastre do porto, inoperativo desde hai anos. Miño precisa un plan de mantemento integral que garanta a funcionalidade e seguridade do seu porto a longo prazo.

## En marcha unha plataforma dixital para consultar camiños públicos e faixas contra incendios

O Concello puxo en marcha unha plataforma dixital que permite consultar de forma sinxela e visual o inventario municipal de camiños e as faixas de protección contra incendios. Esta ferramenta pioneira, con interface intuitiva e accesible, ofrece un mapa interactivo no que se poden identificar camiños públicos, os seus trazados e as zonas de xestión obrigatoria da biomasa. O proxecto enmárcase na aposta do goberno local por unha xestión máis transparente, eficiente e tecnolóxica do territorio. A plataforma será útil tanto para a veciñanza como para empresas, técnicos e comunidades de montes na planificación de actuacións



Interfaz principal da páxina

no rural. Desde o Concello anímase a cidadanía a facer emprego desta nova ferramenta, destacando o seu valor para mellorar a

seguridade, a ordenación do territorio e a protección ambiental. As persoas poderán acceder á plataforma a través da web municipal.

## Renovado o convenio para a xestión de colonias felinas ata o 2028

A corporación aprobou a renovación do convenio de colaboración coa Asociación Xuntos As Mariñas para a xestión conxunta das colonias felinas no municipio durante tres anos, desde o 2025 ata o ano 2028. O acordo permitirá continuar co control das poboacións de gatos, promovendo así o benestar animal e a convivencia cidadá. A través da renovación deste convenio de colaboración, o goberno local reafirma o seu compromiso coa protección animal, a saúde pública e o traballo colaborativo con diferentes asociacións.



# O 'Xantar do maior' reúne a máis de 200 persoas

O polideportivo acolheu unha nova edición dun evento que non se celebraba dende 2019 e que contou cunha grande afluencia de público

Máis de 200 persoas maiores de 55 anos participaron no polideportivo municipal nunha nova edición do 'Xantar do maior', unha xornada de encontro e celebración organizada polo Concello, que non se celebraba desde 2019. A actividade volveu con forza e grande acollida por parte da veciñanza, converténdose nun espazo de reencontro, lembranzas e boa compañía.

O evento tivo como obxectivo reforzar os lazos comunitarios e render homenaxe a todas aquelas persoas que contribuíron, ao longo dos anos, ao desenvolvemento e identidade do municipio. O Concello agradeceu a participación e destacou a importancia de seguir promovendo espazos de encontro e recoñecemento para a veciñanza de máis idade.

Ao acto asistiron, ademais de Manuel Vázquez Faraldo, outros integrantes da corporación municipal, que compartiron este xantar colectivo no que houbo música en directo, homenaxes e momentos de convivencia que poñen en valor o papel fundamental das persoas maiores na vida social e cultural do municipio.









# Miño aumenta nun 50 % as persoas usuarias do Xantar na Casa, que chegará ata o 2028

O programa ampliou este ano o seu servizo ata chegar ás quince persoas usuarias

O Concello de Miño formalizou a comezos deste ano a ampliación do servizo de Xantar na Casa, aumentando de 10 a 15 o número de persoas que se benefician desta iniciativa. Esta mellora foi posible tras a renovación do convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que garante a continuidade do programa ata o ano 2028 e consolida o compromiso municipal co



Reparto dos menús


apoio ás persoas maiores e en situación de dependencia. O servizo está pensado para aquelas persoas que

teñen dificultades para cubrir as súas necesidades alimentarias básicas. Grazas a este recurso, poden seguir

vivindo nos seus fogares con independencia e cunha calidade de vida axeitada.

Os menús que se entregan semanalmente están deseñados para ser nutritivos, equilibrados e personalizados, tendo en conta a saúde, os gustos e os hábitos alimentarios de cada persoa usuaria. Inclúen tamén pratos tradicionais da cociña galega e produtos de tempada. Cada semana faise unha única entrega que contén sete bandexas, unha para cada día, con primeiro prato, segundo e sobremesa. As persoas usuarias aboan só 1,93 euros diarios, mentres que o resto do custo é asumido polo Concello e o Consorcio.

## Máis de cen persoas recibiron lotes especiais no Nadal




Lotes de alimentos

Durante o Nadal, realizouse a entrega de lotes de alimentos a 120 veciños e veciñas da localidade, beneficiarios desta axuda subvencionada pola Deputación da Coruña. Os

paquetes incluían aceite, produtos conxelados e frescos, artigos de hixiene e limpeza, así como un variado de produtos típicos destas datas festivas como doces ou bebidas.

## A recollida de roupa usada aumentou en tres toneladas

Quilogramos de roupa e residuos téxtiles recollidos no roupeiro municipal



Durante o ano 2024, o Concello de Miño recolleu un total de 15.100 kg de roupa usada e residuos téxtiles a través do roupeiro municipal e dos contedores de INSERTEGA, o que supón un incremento de máis de 3 toneladas con respecto ao ano anterior, cando se recolleron 11.930 kg.


Nos últimos tres anos xa se superaron as 39 toneladas recollidas, cun impacto ambiental positivo que representa un aforro de 124 toneladas de monóxido de carbono. Dende o Concello agrádecese o compromiso das persoas voluntarias e a colaboración e implicación da veciñanza con esta iniciativa.



# Miño reforza os Servizos Sociais cunha achega de 54.000 euros do Plan Único da Deputación

É unha medida clave que busca consolidar a capacidade de resposta do departamento

O Concello deu un novo paso na súa aposta pola mellora dos servizos públicos coa aprobación da súa participación no Plan Único Adicional da Deputación da Coruña. A través deste programa, o goberno local destinará 54.641 euros ao reforzo da área de Servizos Sociais, unha das máis esenciais e demandadas pola veciñanza. Trátase dunha medida estratéxica que busca consolidar a capacidade de resposta do departamento ante o incremento constante das necesidades sociais, garantindo unha atención máis próxima, áxil e eficaz.



Segundo destacou o alcalde, "esta achega permitiranos seguir mellorando os recursos humanos e materiais cos que conta o equipo de Servizos Sociais, que diariamente atende casos moi diversos e de grande importancia para


a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas". Desde o Concello tamén se sinala que esta nova inxección de fondos permitirá acurtar tempos de espera, mellorar os itinerarios de intervención social e dar resposta a situacións de

emergencia con maior rapidez. A iniciativa enmárcase na vontade do executivo municipal de continuar fortalecendo o escudo social do municipio e garantir que ningún veciño quede atrás ante situacións de vulnerabilidade.

## A Casa do Concello xa conta cun punto oficial de rexistro para a obtención de CL@VE

O Concello de Miño habilitou un punto oficial de rexistro para a obtención da CL@VE, o sistema estatal que permite identificarse de maneira segura nas relacións coa Administración a través de Internet. A veciñanza pode realizar o trámite de forma gratuíta acudindo á primeira planta da Casa do Concello e presentando unicamente o seu DNI. Esta ferramenta resulta especialmente útil para acceder a servizos dixitais como a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o SEPE ou mesmo o SERGAS, entre outros.

Con esta medida, o Concello facilita que os veciños e veciñas poidan realizar xestións administrativas



sen ter que desprazarse a outras localidades nin facer longas colas. O obxectivo é seguir avanzando na modernización dos servizos

municipais e na inclusión dixital da cidadanía, especialmente das persoas que non están familiarizadas co uso da tecnoloxía dixital.

## O Concello licitou o contrato do SAF por valor de máis dun millón de euros

O Concello sacou a licitación o contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) cun orzamento base de 1.015.000 euros e unha duración inicial dun ano, prorrogable por outros dous. A través deste servizo esencial, o Concello busca garantir unha atención integral e de calidade ás persoas en situación de dependencia, facilitando a súa permanencia no domicilio e reforzando a súa autonomía e inclusión social. O SAF, que atende actualmente a 75 persoas usuarias, incluírá asistencia persoal, doméstica e psicosocial, así como servizos complementarios.

# A Primavera no Camiño Inglés: un agromar cultural e gastronómico que chegou a Miño

**Centos de persoas achegáronse ao Parque da Rúa para desfrutar dun evento cultural en auxe**

Centos de persoas déronse cita no parque da Rúa para gozar da "Primavera no Camiño", un evento que reuniu os dezaioito municipios polos que transcorre o itinerario xacobeo nunha xornada festiva onde a gastronomía e a cultura foron sen lugar a dúbidas as grandes protagonistas.

Nos diferentes stands, os Concellos participantes presentaron a súa variada oferta turística mediante un amplo abano de actividades que incluíron actuacións musicais a cargo de agrupacións como o grupo Arnela ou a Escola Municipal de Música de Abegondo, ademais de propostas culturais e lúdicas para toda a familia.

Houbo tamén showcookings en directo e degustacións de produtos típicos como o Bolo Mariñeiro de Miño, o pan tradicional de

Neda ou os queixos artesanais da comarca do Eume, ofrecendo aos asistentes un delicioso percorrido polos sabores máis representativos do Camiño.

A celebración converteuse, en verbas de Manuel Vázquez Faraldo "nun espazo de encontro e dinamización, onde puidemos compartir e poñer en valor tanto a identidade como o patrimonio e a riqueza gastronómica e cultural da comarca, nun fantástico ambiente festivo".



Stand do Concello de Miño



Acto de inauguración



Intervención de Manuel Vázquez Faraldo



A gastronomía foi unha das protagonistas da xornada



# O miñense Sechu López, protagonista dunha expedición polar histórica no Ártico canadense

O Concello apoiou a expedición, que ten un gran valor científico

**N**unha das aventuras de exploración máis apaixonantes das últimas décadas, un veciño do noso concello, Sechu López, formou parte dunha expedición internacional que cruzou, en total autonomía, o Ramal Sur do Paso do Noroeste, no Ártico canadense. Esta travesía, realizada integramente esquindo sobre o mar xeadado, levou o equipo participante a enfrontarse a condicións climáticas extremas, nun dos territorios máis inhóspitos do planeta.

A expedición, coñecida como Mar de Xeo, naceu cun triplo obxectivo: reivindicar a memoria das grandes exploracións polares da historia, poñer en valor a cultura do pobo inuit e contribuír á sensibilización social sobre os efectos do cambio climático nunha das rexións máis vulnerables do planeta. Todo isto a través dunha experiencia vivida en primeira persoa, sen asistencia exterior, e cun alto nivel de esixencia física, psicolóxica e técnica.

Sechu López, aventureiro cunha ampla traxectoria e profundo coñecemento do medio natural, foi un dos tres integrantes do equipo. O seu papel nesta iniciativa foi recoñecido pola Sociedade Xeográfica Española, que avalou a expedición como un fito destacado dentro da exploración europea moderna no Ártico.

Desde o Concello, expresouse un apoio decidido a este proxecto, recoñecendo nel non só un desafío deportivo senón tamén unha valiosa acción de divulgación científica e cultural. Nun encontro celebrado antes do inicio da viaxe, o alcalde,



O Concello e Club Náutico, do que é usuario Sechu López, colaboraron con el na expedición

Manuel Vázquez Faraldo, acompañado do concelleiro de Deportes, José Manuel Pantín, trasladou a Sechu o orgullo de toda a comunidade pola súa participación. "A súa presenza nesta expedición é reflexo do espírito de superación, valentía e compromiso co medio que queremos promover entre a veciñanza", sinalou naquela ocasión.

Ademais do reto físico, a expedición tivo un compoñente divulgativo. Os integrantes do equipo recolleron material audiovisual durante a travesía, co obxectivo de documentar a realidade do Ártico e compartila posteriormente mediante exposicións, conferencias e materiais educativos. Este labor permitiu achegar á cidadanía a experiencia directa de vivir no mar xeadado.

A participación de Sechu López nesta aventura representou un exemplo de como, desde un pequeno concello coma o noso, se poden impulsar proxectos de dimensión internacional con impacto social, cultural e ambiental. O Concello reafirmou, a través deste apoio, o seu compromiso coa promoción do deporte, a exploración, e o coñecemento.



# O Entroido encheu Miño de cor, alegría e moita troula

**Grande éxito de participación durante os dous días de festa con motivo do Entroido**


O Concello celebrou con grande éxito unha nova edición do Entroido, que contou cunha programación diversa e pensada para todos os públicos. A festa comezou o sábado cun dos seus actos máis esperados: o tradicional concurso de disfraces, que logrou reunir un gran número de participantes e público no polideportivo municipal. Con 1.200 euros en premios repartidos entre as categorías A (de 1 a 3 persoas) e B (a partir de 4 persoas), o certame destacou pola orixinalidade, o humor e a creatividade das propostas. A verbena posterior, amenizada pola orquestra Miramar, fixo bailar a veciñanza ata ben entrada a noite, pechando unha xornada marcada pola diversión e a convivencia.

O domingo foi a quen-  
da dos máis pequenos, que

foron os auténticos protagonistas da Festa Infantil celebrada no mesmo recinto. Desde as 17:30 horas nenos e nenas gozaron dunha tarde chea de música, animación e xogos interxeracionais, pensados para compartir en familia. Dende o Concello destacan a excelente resposta da veciñanza, que volveu demostrar un forte compromiso coa dinamización cultural do municipio, enchendo de vida, cor e espírito festivo esta fin de semana tan sinalada no calendario.



O evento gozou dunha fantástica participación



Ambiente festivo

## Melloras na oficina de turismo



Oficina municipal de Turismo

Antes do comezo da temporada de verán remataron os traballos de renovación da fachada da oficina municipal de Turismo, situada

na rúa Estrada da Praia, no parque da Rúa. Agora loce novas imaxes turísticas e un mapa do Camiño Inglés ao seu paso por Miño.

## Rotundo éxito do Día da Bici



Maiores e pequenos desfrutaron da xornada

Rotundo éxito de participación un ano máis no Día da Bicicleta, impulsado polo Club Ciclista Miñotauros. Un bo grupo de persoas

participaron neste roteiro de 15 quilómetros con saída e chegada á Praza do Parchís e que discorreu a través do paseo do río Lambre.



# Máis de 600 prazas nos campamentos de verán para facilitar a conciliación nas vacacións

**Para chegar a máis persoas programáronse diferentes quendas en xullo e agosto**

O Concello de Miño oferta este verán un total de 610 prazas nos seus dous campamentos, dentro da súa aposta pola conciliación da vida laboral e familiar durante as vacacións escolares. Os campamentos de conciliación están dirixidos a nenos e nenas nados entre 2013 e 2021, e desenvolveranse en catro quendas: dúas en xullo e dúas en agosto. As actividades terán lugar nos locais sociais de Bemantes e Xarío, con 80 prazas nas tres primeiras quendas e 70 na última. Non dispoñen

de comedor, pero poderá traerse comida da casa e quentarse no microondas.

Pola súa banda, os campamentos deportivos están dirixidos a menores nados

entre 2011 e 2017, e tamén se dividirán en catro quendas. Haberá 80 prazas en xullo e 70 en agosto, con grupos dun máximo de 10 participantes.

Con esta convocatoria, un ano máis o goberno local subliña o seu apoio ás familias, facilitando a conciliación a través recursos de lecer educativo durante o verán.



Foto de grupo dunha das quendas do ano pasado

## O touchtennis gaña peso na oferta deportiva



Participantes na terceira proba

O pavillón municipal acolleu a terceira proba do circuíto entre escolas de tenis – touchtennis, un evento que reuniu dúcias de participantes de distintos concellos da comarca. A escola municipal de tenis de Miño estivo representada por numerosos rapaces e rapazas que demostraron o seu talento nesta modalidade deportiva.

## O pavillón municipal pasará a levar o nome de Juan Tenreiro, patrón do fútbol sala local

O Concello, en colaboración co Club Alameda Xarío FS, organizou un acto de homenaxe, o 14 de xuño, para poñer en valor unha figura clave do deporte de Miño, Juan Tenreiro, adestrador de fútbol sala, organizador de torneos, encargado do pavillón

deportivo municipal e, sobre todo, unha persoa moi querida pola súa traxectoria ao longo de tantos anos nas escolas deportivas municipais e nos equipos do Club Alameda Xarío.

Por todo isto, o goberno local decidiu nomear as

instalacións nas que tanto traballou como 'Pavillón deportivo municipal Juan Tenreiro', recoñecendo así a súa traxectoria deportiva como membro fundador do Club Alameda de Xarío FS, e promotor do deporte de Miño por máis de 30 anos.



Juan Tenreiro, primeiro pola dereita



# Aventura e lecer con Xuventude EnCaMiño

**Deportes de neve, surf e saídas pola natureza foron os grandes protagonistas**

O Programa municipal Xuventude EnCaMiño ofreceulle á mocidade miñense múltiples propostas de lecer activo e educativo, combinando deporte, natureza e convivencia. Entre as actividades destacadas, organizouse unha saída ao Ecomar de Marín, con atraccións como tirolesas e troncos colgantes, promovendo a superación persoal e o esforzo físico en contacto coa natureza.

A mocidade puido gozar ademais dunha xornada

de surf na praia de Razo, iniciándose ou mellorando nesta disciplina acuática con apoio de persoal profesional cualificado.

O programa tamén contou cunha emocionante xornada de rafting en Arbo, polas augas do río Miño, unha proposta que conxugou traballo en equipo e emocións fortes. A iniciativa, que foi todo un éxito na súa primeira edición, mantén o seu compromiso con experiencias enriquecedoras que fomentan hábitos saudables e fortalecen os lazos sociais da mocidade.

O goberno local ten a intención de continuar con este tipo de iniciativas de ocio e deporte para a mocidade.



Saída ao Ecomar de Marín



Xornada de surf en Razo

## Jesusa García aumenta o censo de miñenses centenarios



Celebración de aniversario

Miño suma unha nova veciña centenaria ao seu censo logo de que Jesusa García chegase a esta idade tan sinalada o pasado 13 de abril. Manuel Vázquez Faraldo e a concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello acompañárona xunto á súa familia e amigos na celebración facéndolle entrega dun obsequio en nome do Concello.

## Miño combina poesía e natureza recuperando en vídeo os recitais da Senda dos Sentidos

O Concello recuperou en vídeo os recitais da Senda dos Sentidos celebrados durante a III Feira EnCaMiño, unha iniciativa que conxuga natureza e literatura ao aire libre. As pezas recollen as intervencións de recoñecidos autores e autoras como Sol Mariño, Manuel Rivas, Lúa Mosquera e Yolanda Castaño, cuxos poemas

foron recitados nunha contorna natural única, ofrecendo unha experiencia cultural diferente e próxima á veciñanza. Estes materiais audiovisuais están xa dispoñibles na canle municipal de YouTube, permitindo revivir os mellores momentos desta iniciativa. Durante o evento de presentación, tivo lugar unha conversa

entre Yolanda Castaño e María Nieto, na que destacaron o valor de levar a poesía ao espazo natural e a importancia de facer accesible a cultura a través de novos formatos. Como parte desta aposta pola innovación cultural, o Concello ten previsto instalar códigos QR nas localizacións dos recitais.



Presentación da iniciativa



Conversa entre Yolanda Castaño e María Nieto



# Homenaxe ás nosas letras e ás autoras que as fixeron grandes

**Organizáronse actividades polo Día das Letras Galegas e tamén polo Día de Rosalía**

No 2025 a Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas, 17 de maio, ás cantareiras e á poesía popular. Para conmemorar este día o Concello decidiu realizar unha homenaxe ás cantareiras cun acto no que se buscou poñer en valor unha voz única, forte, feminina e interxeracional. A actividade, que se levou a cabo baixo o lema 'Para cantar veño eu', tivo lugar no centro social da Rúa e permitiu recoñecer a figura e o legado das cantareiras co espectáculo creado pola ACDR O Castro,

unha asociación que conta con ata seis agrupacións de cantareiras formadas por persoas de entre 3 e 70 anos de idade. A súa influencia vai máis aló do ámbito local, sendo elas referentes e sementadoras doutros grupos de proxección a nivel nacional. O auditorio estivo ateigado, nunha xornada chea de emoción e cultura.

## O Caldo de Gloria

O 23 de febreiro, Día de Rosalía, o Concello decidiu contribuír a seguir espallando a súa obra e a súa figura compartindo co público da feira dominical a súa poesía e o caldo de gloria inspirado no seu poema 'Miña casaña, meu lar'. As persoas que o probaron puideron comprobar o bo que estaba!



Acto 'Para cantar veño eu' polas Letras Galegas



Reparto do Caldo de Gloria na feira

## A mellor música no porto co festival 'Mar NDMBL'



Presentación

O 31 de maio o Porto de Miño acolleu o festival 'Mar NDMBL', que contou coas actuacións de artistas como Caravel, Cristian Varela ou Isma B.

## Educando na Biosfera volve ás aulas un ano máis

Como xa vén sendo tradición nos últimos anos, o programa 'Educando na Biosfera', da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, volveu ás aulas do CPI Castro Baxoi e do CEIP de Bemantes. A actividade, dirixida aos nenos e nenas de primeiro de primaria, consistiu nun obradoiro de estampado téxtil con follas de árbores.

Durante a clase o alumnado puido aprender a identificar diferentes especies de árbores que se poden atopar na nosa contorna. Tamén demostraron a súa creatividade estampando a súa propia bolsa de tea con deseños feitos de follas de loureiro, carballo, ameneiro, abeleira, pradairo e salgueiro, entre outras especies.



Traballando na aula



Algunhas das creacións do alumnado



# Lograron executarse o 88 % das medidas previstas no Plan de Igualdade municipal

**Realizouse a avaliación intermedia para ter unha aproximación do cumprimento**

N o mes de marzo, coincidindo co Día da Muller, o Concello fixo públicos os resultados do proceso de avaliación intermedia do seu Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes. Os resultados mostran que, desde o ano 2021 no que entrou en vigor este plan, executáronse total ou parcialmente o 88 % das 42 medidas previstas.

Os obxectivos que persegue esta avaliación intermedia son verificar o grao de execución das accións que se plasmaron, así como realizar unha aproximación xeral ao cumprimento dos obxectivos. Este é o paso previo á



creación do novo plan, que estará vixente do 2026 ao 2030.

## Conclusións

Tras facer análise dos datos que se desprenden desta avaliación, chégase á conclusión de que se están cumprindo

os obxectivos marcados. Moitas das medidas están en continua execución como é o caso das actividades, celebración de datas conmemorativas, obradoiros, poñer en valor figuras femininas, aplicación da perspectiva de xénero transversal nas

distintas áreas municipais, difusión nas redes sociais do Concello, información relacionada coa conciliación, etc. Tamén se destaca que hai medidas que están sen executar, ou parcialmente executadas, e estas serán prioridade ata a finalización da vixencia do Plan de Igualdade, para lograr a súa plena implantación e desenvolvemento adecuado, como poden ser: colaborar e coordinar con entidades externas que aborden temas de prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres, avaliar o Plan cunha periodicidade semestral, elaborar un manual para o uso da linguaxe non sexista...

A concelleira de Igualdade, Catalina Morado, explica que "os resultados desta avaliación amosan o intenso traballo a prol da igualdade que levamos facendo nos últimos anos".

## Teatro e defensa persoal para reivindicar o Día da Muller

Con motivo do Día da Muller, que se conmemora o 8 de marzo, a área de Igualdade do Concello programou unha serie de accións co obxectivo de reivindicar a importancia de lograr unha igualdade plena e real entre mulleres e homes. Para iso, e coa intención de chegar a diversos sectores da sociedade miñense, celebrouse unha obra de teatro e tamén unha clase de defensa persoal.

A obra de teatro, titulada 'Menopáusicas Anónimas', de Belén López-Valcárcel e David F. Vega, foi todo un éxito, logrando encher o auditorio do Centro Social A Rúa. Esta peza é unha comedia de tolas, históricas, vellas e menopáusicas,

creada a partir dos encontros coas veciñas do barrio de Usera en Madrid, coas que o público compartiu vivencias, medos, dúbidas, cabreos, e sobre todo, moitas risas. A entrada foi gratuíta e libre ata completar a capacidade.

Por outra banda, o curso de defensa persoal para mulleres, celebrouse no local social de Loios e estivo impartido por Juan José Martínez, de Método Más. As prazas eran limitadas e as mulleres participantes puideron desfrutar dun obradoiro con parte teórica e outra práctica, co obxectivo de que adquirisen as ferramentas suficientes para sentirse seguras nunha situación de risco.



Obra de teatro 'Menopáusicas Anónimas'



Participantes no curso



# "O noso obxectivo é seguir aumentando as recadacións ano a ano"

**A xunta local da Asociación Española contra o Cancro realizou unha nova andaina solidaria coa que unha marea verde tinguiu Miño. O seu traballo vai máis alá de recadar fondos, tamén asesoran e acompañan a familiares e pacientes.**

**Cales son as principais liñas de traballo que está a desenvolver a xunta local da AECC no concello na actualidade?**

Pois a principal actividade céntrase en desenvolver actividades para que ano tras ano poidamos seguir incrementando a recadación. Este ano, por exemplo, coa organización da andaina logramos acadar 3.826 euros.

**Que demandas específicas se atopan nos pacientes e familiares que reciben o apoio da asociación?**

De todo tipo. Por exemplo, o ano pasado mediamos para que catro pacientes recibisen atención psicolóxica especializada e de balde. O noso labor é actuar como intermediarios para que doentes e familiares poidan recibir servizos específicos.

**Como valora a colaboración do Concello na súa actividade?**

Fantástica, tanto o Concello como o tecido comercial sempre están dispostos a botar unha man. Sempre se nos facilitou todo sen problema e camiñamos da man.

**Que impacto tiveron na comunidade estas iniciativas?**

Pois un impacto moi positivo. Na andaina por exemplo rexistramos 352 inscricións das cales 90 eran nenos e nenas. Moita xente incluso se inscribiu aínda que non puidese participar ou axudou como é o caso das alfombristas de Perbes-Miño que nos agasallaron cunha alfombra floral. A predisposición da xente é moi boa sempre.

**Presenta algún reto particular o seu traballo en Miño en comparación con núcleos urbanos máis grandes?**

Efectivamente. Como dixen, o noso reto principal é aumentar as recadacións ano tras ano. No 2023 logramos chegar aos 22.000 euros e no 2024 aumentamos a contía en 2.000 euros. A xente está entregada.

**Nesta liña, márcase algún obxectivo de cara ao futuro?**

Si, por suposto. Queremos seguir batendo estas marcas, seguir incrementando as cifras de recadación e isto só é posible a través

de ofertar actividades nas que a veciñanza se poida sentir partícipe, isto é moi importante para nós. Organizamos a andaina, a cea anual... e tamén recadamos fondos noutros eventos como o torneo benéfico de golf organizado polo Concello.

**Fala de que queren facer a xente partícipe. Como pode un cidadán de a pé colaborar coa asociación?**

Nós estamos sempre abertos para a colaboración veciñal, sexa do tipo que sexa. Animamos a colaborar no día a día, nas accións máis cotiás. Tamén cando realizamos actividades ou calquera tipo de acción. Todo gran de area, por pequeno que sexa suma moito.

**Chicho Aboy**

Presidente da xunta local da Asociación Española contra o Cancro





# Miño resurxe dos seus cimentos

O poder de atracción do municipio fai que diversos investidores inmobiliarios estean a reactivar as promocións paradas

**M**iño está de moda. Os datos de poboación, en constante aumento, a demanda de vivenda e a palpable mellora da economía municipal, acreditan esta afirmación. E isto é algo que non pasa desapercibido para os investidores inmobiliarios, que agora ven un municipio estable e en auxe onde antes só existía a alongada sombra da crise do ladrillo.

Nos últimos anos están a desaparecer os restos que deixou en Miño o estoupido da burbulla inmobiliaria, que se traduciu en edificios inacabados e débedas moi avultadas.

Os últimos en resurxir son os esqueletos de Bañobre,

unhas estruturas ao pé da Praia Grande que foron adquiridas por unha promotora que pretende finalizar a promoción.

Outro que renacerá proximamente é o edificio a medio construír da rúa Pardiñeira, un bloque de catro plantas e 14 vivendas que foi adquirido recentemente por unha promotora e que xa conta con licenza para completar a obra.

En Costa Miño, buque insignia da crise inmobiliaria, tamén se están a despedir dos últimos esqueletos de pareados, vendidos polo Concello.

Outras das promocións que se reactivan agora son a da rúa Barrosa e a da rúa A Carreira, moi próximas entre si, e que se manteñen inacabadas desde o ano 2008. Ambas xa contan con licenza de obra municipal para completar os edificios.

Ademais, non só revive a obra parada, tamén se están a vender parcelas que acumulan maleza desde hai anos e que agora tamén están a captar o interese de investidores.



Esqueletos de Bañobre



Rúa Pardiñeira



Pareados en Costa Miño



Rúa A Carreira



Rúa Barrosa